



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NUM. 06/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DATA 26 DE MAIO DE 2016

En Soutomaior a 26 de maio de 2016, sendo as trece horas, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^ª M.^ª Dolores Cernadas García, D.^ª Cristina González Piedras, D.^ª Noelia Ocampo González, D.^ª Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.^ª María Menduiña Durán, D.^ª M.^ª Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^ª Olalla Obelleiro Hermida e D.^ª Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.^ª Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 05/16

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión anterior, núm. 5/16, de data 31 de marzo de 2016.

A acta é aprobada por unanimidade dos membros do Pleno.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai máis dun mes solicitaron ver o proxecto do instituto e nin sequera lles contestaron. Quere ensinar o escrito para que os veciños sepan cal é a actitude do goberno cos representantes dos veciños. Actitudes necesarias de aspecto institucional. Actitude caciquil e falta de democracia en relación coa posibilidade de ver os documentos, nin sequera os grupos da oposición teñen un lugar adecuado para estudar os asuntos.

É unha vergonza o que están facendo con eles. Están faltando ó respecto ós propios veciños.

O Sr. Alcalde di que non comparte para nada o que están dicindo. Aquí sempre se respeta, dende o principio ao final o que os grupos políticos piden. As veces non pode ser coa rapidez que piden, pero sempre se respeta.

2º.- REGULARIZACIÓN DA ADSCRICIÓN DO PORTO DE ARCADE

Dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de réxime interior e de persoal que di:

“Dáse lectura a Proposta da Alcaldía que di:

ANTECEDENTES

1º) Por Orden Ministerial de data 3 de marzo de 1995 outorgouse ó Concello de Soutomaior unha concesión administrativa para a ocupación de 22.100m² do dominio público marítimo-terrestre con destino a “Parque Recreativo”, por un prazo de 30 anos.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

2º) En data 15 de xullo de 2013 ten entrada no Rexistro do Concello escrito de Portos de Galicia no que manifestan a súa vontade de regularizar a adscrición do porto de Arcade, con motivo da necesidade de ampliar a zona de servizo actual de dito porto para incluír obras realizadas pola Xunta de Galicia entre os anos 1992 e 2001. Para proceder á referida regularización de adscrición de terreos, é condición previa a renuncia parcial expresa do Concello de Soutomaior de 2.899 m².

3º) En setembro de 2014 o Concello de Soutomaior remite unha proposta de cesión alternativa, de 772,70 m², aportando plano explicativo no que se reflexa a cesión proposta.

4º) En data 12 de maio de 2016 recíbese novo escrito de Portos de Galicia no que manifesta que *“Tendo en conta que a proposta remitida o 16/07/2012 e 11/06/2013 é a que conta co visto bo da DX de Costas, tralo proceso de regularización correspondente, e que ademais as obras son propiedade da Xunta de Galicia por telas executadas entre os anos 1992 e 2001, tendo estas carácter e uso portuario, constituíndo practicamente a única explanada valeira do porto de Arcade, considerouse que non se pode admitir a proposta, solicitando polo exposto a súa reconsideración.*

Non obstante, revisado o expediente novamente axustouse a proposta de reversión excluído unha parte de terreos que non teñen na actualidade características de infraestrutura portuaria, e tamén se eliminaron do ámbito os terreos xa transferidos á Comunidade Autónoma, polo que propónse unha nova delimitación do ámbito sobre o cal se solicita a renuncia.

Polo exposto nos parágrafos anteriores solicitamos novamente que se acceda por parte dese Concello a achegar renuncia parcial de 2.058 m² da concesión indicada, no relativo ós terreos reflectidos no plano que se achega.”

En base ós antecedentes expostos, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

- RENUNCIAR a 2.058 m² da concesión outorgada en data 3 de marzo de 1995 e ACEPTAR a regularización solicitada sempre que por Portos de Galicia se manteña a realidade de usos existentes, entretanto non resulte variada pola aprobación do Documento de Delimitación de Espazos e Usos portuarios (DEUP), sen prexuízo de respetar as demandas da explotación portuaria entre tanto.”

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

- RENUNCIAR a 2.058 m² da concesión outorgada en data 3 de marzo de 1995 e ACEPTAR a regularización solicitada sempre que por Portos de Galicia se manteña a realidade de usos existentes, entretanto non resulte variada pola aprobación do Documento de Delimitación de Espazos e Usos portuarios (DEUP), sen prexuízo de respetar as demandas da explotación portuaria entre tanto.”

DEBATE





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

O Sr. Alcalde explica a Proposta e di que están pendentes dunha subvención de 400.000 € e é condición “sine qua non” a renuncia dos 2.000 m² de concesión, que unha parte é lámina de auga (sobre os 400 m²). Non van poñer en risco calquera actividade portuaria.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai unha ausencia de información alarmante na Providencia da Alcaldía, falta un plano adxunto. En qué parte do expediente se di que vai haber un investimento de 400.000 €?. Non se lles informa para nada de o que hai detrás. Deber saberse para qué se fai a renuncia..Pode haber dificultades para os veciños porque esa parcela vai pasar a ser doutra administración. Tamén pode haber complicacións cos usos dos mariñeiros. Sobran as condicións que se explicitan porque ó final se cede a competencia a Portos. Non van opoñerse a que se faga calquera tipo de investimento. É unha vergonza que se teñan que enterar de obras por terceiros. Non están de acordo en perder chan público. Un mínimo de rigor conlevaría unha explicación do que se vai a facer. Van a absterse, non queren entorpecer ningunha inversión, pero é unha abstención crítica, coas formas, co procedemento e coa falta de información.

A Sra. Montero Pérez di que está de acordo có Sr. Lourenzo Sobral.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP) e seis abstencións (dos cinco membros do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar o Ditame nos seus propios termos.

3º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REGULARIZACIÓN CATASTRAL

Dáse lectura o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior e Persoal que di:

“Dáse lectura da Moción presentada por o BNG que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Partido Popular aprobou a finais de 2012 a Lei 16/2012, que incorporaba medidas tributarias en diversos ámbitos. Esta norma era continuadora da política fiscal emprendida desde a chegada ao Goberno central do Partido Popular, que se caracterizou por realizar subidas xeralizadas nos impostos que pagan as maiorías sociais (subidas nos tramos medios do IRPF, subida xeral do IVA e dun xeito agravado en produtos culturais), así como a introdución de copagamentos sanitarios e farmacéuticos. Unha política de rigor e exixencia fiscal para as rendas medias e baixas e laxitude e permisividade coas rendas altas e as grandes fortunas.

A política fiscal do PP tamén tivo repercusión nos impostos locais. Lembremos que a finais de 2011, nada máis chegar ao poder, aprobou un primeiro “catastrazo”, a través do Real Decreto-Lei 20/2011 que chegou a elevar o gravame mínimo nos concellos no Imposto de Ben Inmóbeis (IBI) para os anos 2012 a 2015.

Coa Lei 16/2012 consúmase un segundo “catastrazo”, ao recoller un proceso de regularización catastral. Ademais, xustifícase dito proceso “no obxectivo da mellora contra a fraude fiscal”, cando vai dirixido sobre todo a





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

bens situados en solo rústico, que nunha boa parte de casos son anexos ou instalación asociadas á actividade agrícola.

Por outra banda, os diversos estudos publicados sobre a fraude fiscal non apuntan ao catastro como unha das principais fontes de elusión fiscal. Recentemente, os propios técnicos da Axencia Tributaria, a través do seu sindicato GESTHA, puxeron de manifesto que o Plan de control tributario do Ministerio de Facenda “deixa impune o 81,6 % da evasión fiscal”, e que “centra a súa investigación no contribuínte medio para conseguir os seus obxectivos de control tributario e loita contra a fraude fiscal”. Engade ademais, que os resultados da loita contra a fraude fiscal foron negativos, pois “aséntanse nunha investigación desequilibrada que pon a lupa sobre os contribuíntes con menores ingresos -como son as pequenas empresas, os autónomos e traballadores/as que representan o 56 % da débeda descuberta pola inspección- no canto de perseguir a fraude sofisticada de multinacionais e corporacións empresariais”.

Ao longo de 2015 e 2016, a Dirección Xeral do Catastro activou en Galiza dito proceso extraordinario de regularización catastral, afectando aproximadamente ao 60 por 100 dos concellos, en concreto a día de hoxe en 186 dos 314 existentes. A maior parte de ditos concellos son eminentemente rurais, precisamente aqueles que presentan índices de renda per capita máis baixo non se librarán do catastrazo. Moitos dos concellos con maior renda e mesmo onde se desenvolveu con maior empuxe a actividade urbanística nos últimos anos non se inclúen na listaxe da regularización catastral. Unha evidencia máis desa política de control fiscal sobre rendas inferiores, máis desprovistas en canto a capacidade de asesoramento e defensa ante a Facenda, e onde non se persigue como prioridade detectar e actuar contra a fraude fiscal de maiores dimensións e previamente concebida en base a estratexias complexas de enxeñaría financeira e fiscal.

A regularización catastral conleva o pagamento dunha taxa de 60 € por cada alta no Catastro, e ademais implicará un aumento do valor catastral do inmovible revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base impoñible do IBI. Iso tamén pode ter repercusión indirecta noutros impostos (IRPF, plusvalía municipal, sucesións) e mesmo incluso en subvencións públicas como as becas escolares dado que teñen módulos patrimoniais referenciados no catastro como límites obxectivos para accederen á ditas axudas.

En moitos casos, a variación na realidade física responde sobre todo á propia rehabilitación e restauración de inmóbeis para evitar o seu deterioro, incluso á conservación habitual dos mesmos, e aínda neses supostos os seus propietarios son requiridos para comunicar ditas modificacións. Iso levará, non só a abonar a taxa lineal, senón tamén a soportar un incremento impositivo no IBI simplemente por acometer obras necesarias de mantemento e mellora, tendentes a manter o valor patrimonial, en ningún caso por ter realizado actuacións co fin de aumentar dito valor.

Á vista do exposto estamos perante un procedemento absolutamente inxusto, que se dirixe preferentemente sobre persoas con menor nivel de renda, en concellos con menor dinamismo económico, e sobre todo que afectará a propietarios que teñen as propiedades destinadas á actividade agraria, que ademais atravesa dificultades especiais pola parálise e falta de





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

apoio do Goberno galego. Polo tanto, propomos que o Pleno do concello rexeite o avance deste proceso, dado que incrementará a carga fiscal sobre moitas persoas propietarias de pequenos patrimonios no rural, e que ademais teñen vinculadas as edificacións e instalacións á actividade agraria como medio fundamental de vida, en ningún caso a posesión do seu patrimonio inmobiliario significa unha fonte para obter altos rendementos senón simplemente un medio para desenvolver unha actividade económica, que ademais contribúe ao mantemento do medio natural e da paisaxe.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes **ACORDOS**

1. O Pleno do concello de Soutomaior manifesta o seu rexeitamento ao proceso de regularización catastral emprendido polo Ministerio de Facenda, demandando a paralización do proceso.
2. Así mesmo o Pleno do concello:
 - a. Insta a que a revisión do valor dos inmóbeis no catastro se efectúe tendo en conta o seu valor real, partindo da súa función económica, da dinamismo demográfico e do mercado inmobiliario concreto do concello onde se insiren, sen a aplicación e extrapolación de módulos obxectivos realizados de forma homoxénea a partir dunha visión centralista.
 - b. Solicita que, en función de dito proceso, non se lles esixa ás persoas propietarias pagos retroactivos en exercicios anteriores do IBI, así como que se declare a exención da taxa de regularización catastral cando afecten a alteracións relacionadas con obras de rehabilitación ou conservación ou de elementos e edificacións vinculadas á actividade agraria.
 - c. Insta a que as construcións e edificacións auxiliares das vivendas no medio rural, así como todas as edificacións vinculadas á actividade agraria ou gandeira teñan exencións no IBI.
 - d. Demanda que no futuro non se compute o patrimonio que estea afecto ou vinculado á actividade agraria, gandeira ou forestal para a baremación de umbrais patrimoniais nas becas, bolsas e axudas ao estudo.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aproba-la Moción nos seus propios termos

DEBATE

O Sr. Lourenzo Sobral explica a Moción.

O Sr. Alcalde di que están de acordo con algunha das cousas que dixo. A Lei eles non a deciden. Aféctalle a todos os municipios de España. Di que está aberto o proceso en 28 de todas a cores políticas e inicianse no resto. Non puideron facer nada que impedira a regularización catastral. O que se fixo foi poñer uns técnicos que axudaron ós veciños a entender e informar de algo que non é competencia do Concello, senón do catastro e para axudar a facer alegacións pertinentes. Dende o Concello se fixeron os





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

deberes en tempo e forma. Non coñece ningún outro Concello que fixera isto. Van votar a favor da Moción porque están a favor do sustancial, aunque non con todo o que di a exposición de motivos, onde se din cousas que non son certas. Non foron 2.000 notificacións, senón 1.200.

O Sr. Lourenzo Sobral di que os concellos podían decidir si se adscribían ou non. Isto foi unha regularización e iso conleva que hai que pagar por galpóns, pozos, etc. Respecto o da oficina, sólo faltaría que non a puxeran. Comparten a necesidade de colaborar cós veciños. Deberían haber intentado demorar isto. Pode haber cambio de Goberno e que se derogue o Real Decreto.

O Sr. Alcalde di que é imposto e faise cando toca.

VOTACIÓN

Por unanimidade dos trece membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

4º.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN PARA IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS DECLARADAS DE INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL (CONSTRUCCIÓN IES)

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda que di:

"Dáse lectura a Proposta da Alcaldía que di:

ANTECEDENTES

1º) Con data 15 de abril de 2016 (RE núm. 825/16) a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria solicita licenza de obras de construción dun IES en Soutomaior, así como, a bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativo do Concello.

2º) O artigo 70 da Ordenanza do Imposto sobre construción, instalacións e obras establece:

"Unha bonificación do 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico- artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación co voto da maioría simple dos seus membros.

As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

- Solicitud de interesado.

b) A xustificación do especial interese ou utilidade municipal, que se fará constar mediante memoria anexa á solicitud, e sobre o que informará n o s servizos municipais correspondentes. "Considerando o especial interese e a utilidade municipal que supón a construción do Instituto referido, PROPOÑO ó Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

CONCEDER á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha bonificación do 95% do Imposto sobre construción, instalacións e





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

obras na licenza de construción dun IES en Soutomaior, por concorrer en circunstancias que xustifican tal declaración.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Proposta presentada nos seus propios termos.”

DEBATE

O Sr. Alcalde explica a Proposta.

A Sra. Obelleiro Hermida di que a bonificación é potestativa. É o contratista a quen se lle está perdoando esta contía. Son cartos que se deixan de ingresar e son cartos de todos estes veciños. Son uns 130.000 € e os prexudicados son os veciños de Soutomaior. É unha empresa privada a que ten que pagar isto. Non están de acordo, nin o comparten nin o entenden.

A Sra. Montero Pérez di que está de acordo.

O Sr. Alcalde di que no momento en que se pactou o instituto quedouse en que era sen taxas, e as empresas cando fan a oferta estudan qué van a ter que pagar e fan a súa oferta segundo todos os gastos que teñen que realizar. Vai quedar en beneficio da Xunta de Galicia, non en beneficio da empresa privada.

O Sr. Lourenzo Sobral di que lles terían que haber comunicado que había esa condición para a construción do IES e que é imposible exercer o labor da oposición con un grupo de goberno que non lles facilita a información que necesitan. Nas Comisións se lles tería que trasladar a información necesaria.

O Sr. Alcalde di que deberían haber preguntado na Comisión, o expediente estaba a súa disposición.

O Sr. Lourenzo Sobral di que van absterse, unha abstención crítica, pondo de manifesto que a actuación de este equipo de goberno lles parece despectiva e absolutamente irrespetuosa con estes representantes dos veciños.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP), cinco abstencións (dos cinco membros do grupo político do BNG) e un voto en contra (da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Proposta nos seus propios termos.

5º.- MODIFICACIÓN ARTIGO 5º REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO MULTIUSOS DE ARCADE

Dáse lectura do ditame da Comisión de Xuventude, Cultura e Participación Veciñal que di:

“Examínase a Proposta da Alcaldía que di:

ANTECEDENTES

1º.- O Pleno do Concello en sesión de data 27 de maio de 2010, aprobou o “Regulamento de Funcionamento do auditorio do Centro multiusos”.



2º. Transcorridos case seis anos dende a aprobación do Regulamento, a práctica de uso require, para un mellor funcionamento, a modificación do artigo 5º.b). Pare elo é preciso eliminar o seguinte: *-As de carácter político ou doutrinal de signo partidario, excepto en período electoral.*

Por conseguinte, propoño a adopción do seguinte acordo:

Examínase a Proposta da Alcaldía que di:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5º.b do “Regulamento de Funcionamento do auditorio do Centro multiusos” quedando redactado do seguinte senso:

QUINTA.- CRITERIOS DE UTILIZACION

b) Quedan excluídas as autorizacións de uso para o seguinte tipo de actividade:

- As que se realicen con ánimo de lucro
- As de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo.
- As que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente.
- As reunións de colectivos profesionais, sociais, culturais...

2º.- Someter a información pública as modificacións referidas no regulamento mediante a publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello, durante un prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxerencias. De non producirse estas alegacións, as modificacións Regulamento considerarase aprobado definitivamente.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Proposta presentada nos seus propios termos.”

DEBATE

A Sra. Cernadas García di que a biblioteca ten pouco espazo para este tipo de actividades. O auditorio parece mellor para isto e ademais hai unha persoa que pode abrir e pechar.

O Sr. Lourenzo Sobral di que xa o dixeron no 2010. O tempo lles da a razón. Despois de moitos problemas, 6 anos despois teñen que rectificar. Este non é o único problema que ten o regulamento do multiusos. Hai que modificar outras moitas cousas. É unha ordenanza chapucera. Hai moitos discapacitados que queren ir a biblioteca e non poden ir.

VOTACIÓN

Por unanimidade dos trece membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

6º.- DACIÓN CONTA SEGUIMIENTO 1º TRIMESTRE ORZAMENTO 2016

En cumprimento da Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, por la que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Sustentabilidade Financeira dase conta do Informe sobre o cumprimento co obxectivo de estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e o nivel de débeda viva que é cero correspondente ao 1º trimestre do Orzamento Xeral 2016 remitido ao Ministerio de Economía e Facenda, o cal cumpre

O Pleno do Concello se da por enterado

7º.- DACIÓN CONTA INFORME MOROSIDADE 1º TRIMESTRE ANO 2016

Se da conta do Informe de Morosidade do 1º trimestre 2016 emitido polo Tesourero e Secretaria-Interventora Adxunta de data 19/04/16, en cumprimento do disposto nos artigos 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e remitido ao Ministerio de Economía e Facenda o día 19/04/16

O Pleno do Concello se da por enterado

8º.- DACIÓN CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO 1º TRIMESTRE 2016

Se da conta do informe emitido polo Tesoureiro e a Secretaria-Interventora Adxunta, e remitido ao Ministerio de Economía e Facenda o 19/04/2016, sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 1º trimestre de 2016 e que segundo os datos extraídos do Programa Contable resulta:

<i>Importe operacións pagadas</i>	<i>Ratio de operacións pagadas</i>	<i>Importe pagos pendentes</i>	<i>Ratio de operacións pendentes</i>	<i>Periodo medio de pago (PMP)</i>
391.398,13	-9,40	109.652,35	-12,21	-10,01

O Pleno do Concello se da por enterado

9º.- DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN REPARO NÚM. 2/16 RELATIVO A FISCALIZACIÓN DE DIVERSAS FACTURAS (RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO)

A Corporación dáse por enterada da seguinte resolución da Alcaldía

Resolución núm. 108 de 11 de abril de 2016

ASUNTO RESOLUCIÓN REPARO NÚM. 2/16 RELATIVO A FISCALIZACIÓN DE DIVERSAS FACTURAS (RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO)

Vista a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de imputar o Orzamento corrente obrigas derivadas de prestación de servizos levados a cabo en exercicios anteriores non imputadas no seu momento porque as facturas foron presentadas no ano 2016.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Visto o informe da Secretaria-Interventora Adxunta de data 8/04/16 (Reparo 2/16), sobre fiscalización das facturas seguintes:

APLICAC ORZAME NT.	CIF	NOME	CONCEPTO	FACT.	DATA	IMPORTE
164.2279 9	B361177 29	Dopemar S.L.U.	Servizo inhumación e exhumacións ata 30/11/15	15	18/02/15	10.635,90
				TOTAL		10.635,90

De conformidade co o artigo 215 e seguintes do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coas Bases Xerais do Orzamento Prorrogado do ano 2015, e actualmente vixente.

RESOLVO

- 1.- Resolve-lo reparo 02/16 formulado pola Secretaria-Interventora Adxunta no seu informe de 8/04/16
- 2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da factura máis arriba indicada con cargo a partidas que se sinala do Orzamento Prorrogado do ano 2015, e actualmente vixente.
- 3.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as facturas citadas e proceder a seu pago.

10º.- INFORMES ALCALDÍA

- **Resolucións:** De acordo có establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, O Sr. Alcalde da conta, sucintamente, das resolucións adoptadas dende o 31 de marzo de 2016 ó 24 de maio de 2016 (núms. 095/16 a 174/16).

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Lourenzo Sobral realiza as seguintes preguntas:

1º.- En relación có investimento da area na Praia: lle confirman que se botou area de canteira e non de mar. Quere saber qué tipo de area e se se contempla a posibilidade de pedir outra que sexa mais adecuada para os bancos marisqueiros. Esta é unha area demasiado fina que e arrastra e se despraza coas mareas, o que obriga a un investimento anual. O máis importante é se pode ser perxudicial para os bancos de marisqueo.

O Sr. Vidal Lage resposta que a area de río lavada.

O Sr. Alcalde di que mantivo unha conversa coa bióloga da Cofradía, que lles transmitiu que podían facer un traballo conxunto neste aspecto. Di que se comprometeu a facelo así. Non lles trasladou ningún problema para os bancos marisqueiros.

2º.- No barrio de Valmonte, polo propio peralte que se fixo, un veciño ten unha auténtica lameira, un sumidoiro.

O Sr. Alcalde di que xa se lles trasladou ese problema.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

O Sr. Lourenzo Sobral di que cando chove hai unha auténtica lameira e ningún veciño ten que soportar iso, vaise tomar algunha medida?

O Sr. Alcalde di que van pasar por alí, velo e arranxalo.

3º.- Ordenanza aprobada de montes: inspección da limpeza dos montes. Tomou xa o Concello algunha medida?

O Sr. Alcalde di que de momento non pero aplicarán o que poidan.

4º.- Ten que ver cunha pregunta do último Pleno, se o Concello se resigna a ter ese horario na oficina de Viaqua?

O Sr. Alcalde di que non se resigna, pero non se sabe si se vai a poder resolver.

A Sra. Montero Pérez realiza as seguintes preguntas:

1º.- Veciños do Carballal expoñen que fan falla puntos de luz e algún badén que xa teñen solicitado e que non se lle puxo (a altura dos números 11 e 12, dende o cruce que vai a Arcade de Riba ata a escola de música).

O Sr. Alcalde resposta que non lle trasladaron nada.

2º.- Quere saber se hai algunha novidade con respecto a rotonda no cruce da Feira de Arcade.

O Sr. Alcalde resposta que non hai ningunha, oxalá a houbera.

3º.- Esta semana saíron os veciños de O Conde no Faro de Vigo dicindo que solicitaron no Xulgado a execución da Sentencia que anula as licenzas de 3 edificios. Como está o tema, o Concello pensa cumprilas?

O Sr. Alcalde resposta que mellor que lle responda o asesor xurídico.

4º.- Algúns Concellos están aplicando unha normativa estatal que estipula que aquelas fincas que constan no catastro como urbanas e por tanto pagan o IBI, ao non estar edificadas poden ser cambiados e clasificalas como rústicas ao nivel de deixar de pagar o IBI. Neste sentido o Concello vai facer algo?

O Sr. Alcalde resposta que iso só é onde hai urbanizables. Aquí non hai esa figura, polo que non o van a aplicar.

O Sr. Lourenzo Sobral di que non PXOM novo si hai.

O Sr. Alcalde di que o catastro non vai a actuar aquí porque non hai esa figura.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

